Conservatorio Profesional de Música

# Programación DIDÁCTICA

# GUITARRA

## Conservatorio Profesional de Música de Culleredo

Conservatorio Profesional de Música Rúa Andrés Pan Vieiro, nº 30 15670 O BURGO-CULLEREDO
Tfno. 981.667798
e-mail: conservatorio@culleredo.es
www.culleredo.es

## INTRODUCIÓN

A presente programación dá concreción aos decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establecen a ordenación do grao elemental e o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, respectivamente, na Comunidade Autónoma de Galicia.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

No artigo 2º do decreto 198/2007 polo que se establecen a ordenación do grao elemental, a finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

De igual xeito o artigo 2º de decreto 203/2007 polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, determina que estas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado una formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Asemade, ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

# GRAO ELEMENTAL

## Introdución

No artigo 3º do decreto 198/2007 polo que se establecen a ordenación do grao elemental, os obxectivos xerais neste ciclo han de contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

4.1.a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
4.1.b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
4.1.c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
4.1.d) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
4.1.e) Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
4.1.f) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmónicamente ao conxunto.
4.1.g) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
4.1.h) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
4.1.i) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
4.1.j) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

En base a estes obxectivos xerais, o mesmo decreto concreta os obxectivos e contidos na especialidade de Guitarra do seguinte xeito:

### Obxectivos

a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.

b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
c) Adoptar unha posición axeitada do corpo respecto do instrumento que posibilite e favoreza a acción do conxunto brazo-antebrazo-pulso-mans-dedos esquerdos sobre o diapasón, e dos dereitos sobre as cordas.
d) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
e) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
f) Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento para conseguir un perfeccionamento continuo da calidade sonora e saber empregalo, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
g) Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.
h) Interpretar en público, coa necesaria seguridade de seu, para vivir a música como medio de comunicación.
i) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos e adaptarse harmonicamente ao conxunto.
l) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
m) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
n) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
ñ) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

Contidos

a) Percepción e desenvolvemento das funcións motoras que interveñen na execución guitarrística, e da súa adecuada coordinación.
b) Desenvolvemento da habilidade de cada man e da sincronización de ambas.
c) Afinación das cordas.
d) Traballo da independencia na man esquerda para mellorar a distancia dos dedos.
e) Principios xerais da dixitación guitarrística e os eu desenvolvemento, para expresar coa maior claridade as ideas e os contidos musicais.
f) Traballo da dinámica e da agóxica.
g) Emprego das posibilidades tímbricas do instrumento.
h) Coñecementos básicos dos recursos da guitarra.

i) Aprendizaxe das formas de ataque para a man dereita co fin de conseguir progresivamente unha calidade sonora adecuada e realizar planos simultáneos.
l) Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.) para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
m) Desenvolvemento dunha condución clara das voces en obras contrapuntísticas.
n) Harmónicos naturais.
ñ) Iniciación á grafía contemporánea.
o) Adestramento permanente e progresivo da memoria.
p) Adquisición de hábitos de estudo correctos.

Tomando como referencia estes contidos e obxectivos xerais establecidos no decreto 198/2007 polo que se establecen a ordenación do grao elemental, o departamento de guitarra do Conservatorio profesional de música de Culleredo, establece a seguinte programación didáctica, tendo en consideración o artigo 42 do Decreto 223/2010, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música da Comunidade Autónoma de Galicia, onde se determinan os aspectos que deberán incluír as programacións didácticas.

## 1º CURSO GRAO ELEMENTAL

### A - Obxectivos:

1. Acadar unha posición corporal co instrumento que permita a acción coordinada das dúas mans.
2. Aprender o xesto da man dereita que permita unha boa pulsación.
3. Acadar unha posición axeitada da man esquerda que permita o desenvolvemento futuro desta man a o longo do diapasón.
4. Valorar a importancia do estudio e a súa correcta organización.
5. Interpretar un repertorio sinxelo formado por pezas dunha dificultade acorde con este nivel.
6. Coñecer as notas do diapasón en 1ª posición.
7. Desenvolver a capacidade auditiva como medio de autoavaliación.
8. Adquirir un bo hábito de estudo.
9. Desenvolver e valorar o propio esforzo persoal.

### B - Contidos:

1. Colocación axeitada do corpo con respecto ao instrumento.
2. Partes do instrumento e a súa nomenclatura.
3. Nomenclatura de cordas, trastes e dedos da man dereita e esquerda.

4. Traballo da alternancia dos dedos da man dereita especialmente o índice e medio.
5. Desenvolvemento da sincronización das dúas mans
6. Práctica de notas alternas e simultáneas.
7. Lectura e interpretación de pezas monódicas e polifónicas co acompañamento do profesor.
8. Repentización de melodías.
9. Interpretación en público.

**C - Criterios de avaliación.**

1. Ser capaz de empregar unha axeitada posición corporal na práctica instrumental que lle permita o desenvolvemento óptimo das dúas mans.
2. Acadar unha posición correcta da man dereita que permita a independencia de cada un dos dedos e que permita realizar distintos tipos de combinacións tirando.
3. Ser capaz de adoptar unha posición correcta da man esquerda que permita a mobilidade desta sobre o diapasón nos catro primeiros trastes.
4. Empregar unha axeitada coordinación de ámbalas dúas mans.
5. Ser capaz de interpretar pezas sinxelas que se encontren dentro dun repertorio acorde con este nivel, empregando os recursos de agóxica, dinámica e tempo axeitados.
6. Interpretar en público algunhas das pezas traballadas amosando o desenvolvemento dos recursos escénicos con suficiente solvencia.

**Mínimos esixibles:**

1º Trimestre:

- Traballar un mínimo de cinco pezas a dúo co profesor no trimestre
- Mostrar unha mellora nos puntos 1º e 2º dos criterios de avaliación

2º Trimestre:

- Traballar un mínimo de cinco pezas a dúo co profesor no trimestre
- Interpretar unha peza na audición do departamento.
- Mostrar unha mellora nos apartados 1º, 2º, 3º dos criterios da avaliación.

3º Trimestre:

- Acadar tódolos obxectivos descritos para este curso.
- Traballar un mínimo de cinco pezas dúo co profesor no trimestre.
- Interpretar unha peza do último trimestre na audición do departamento.

**Medidas de recuperación**

Recuperación trimestral: Realizarase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior.

Recuperación final: Realizarase un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso.

**Proba extraordinaria**

O alumno realizará un exame no que deberá mostrar que ten superados os obxectivos e contidos deste curso, no caso de que non se especifiquen outros no informe de recuperación onde se establezan as propostas de actividades de recuperación. Os criterios de avaliación serán os mesmos que os indicados para o curso.

**D – Procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado**

Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado conteñen aspectos comúns ao longo dos diferentes cursos e graos. Así, independentemente do curso, nas primeiras sesións de clase poñeranse en marcha mecanismos de avaliación inicial para coñecer o punto de partida dos alumnos respecto dos contidos que se desenvolverán na materia. Este punto de partida determina en todo momento as accións a seguir.

No que respecta á medida dos resultados na materia primarase a avaliación continua ou formativa fronte á avaliación sumativa. Ao final de cada período trimestral de docencia adxudicarase aos resultados de cada alumno unha cualificación cuantitativa nunha escada de entre 0 e 10. A cualificación do último trimestre corresponderase coa cualificación final que constará no expediente do alumno como nota xeral da materia.

Tendo en conta o perfil eminentemente práctico, os principais instrumentos de avaliación desenvolveranse a través da valoración da práctica, tanto individual e en conxunto; a través das prácticas de aula, ben a partir das audicións acordadas cos alumnos.

Ao longo dos trimestres desenvolveranse diferentes actividades avaliables, entre as que constan en primeiro lugar a avaliación continua que o docente leva a cabo cada día acerca dos diferentes aspectos técnicos e interpretativos sobre os estudos e diferentes obras interpretadas polo alumno na clase. Un segundo aspecto ten que ver coa avaliación pública que se leva a cabo nos concertos e audicións postos en marcha dentro do propio departamento ou os xerais de trimestre. Nestes se avalían a consecución do desenvolvemento de destrezas de dominio escénico e capacidade de afrontar o traballo dos aspectos interpretativos no ámbito do escenario cara ó público

A autoavaliación será un requisito imprescindible para cada alumno. O exercicio de analizar e valorar o grao de implicación, traballo, e resultados fomenta a acomodación de metas e estratexias de aprendizaxe e fomenta a responsabilidade

**E - Criterios de cualificación que se vaian a aplicar.**

Terase en conta o grao de aprendizaxe e asimilación dos contidos teóricos, así como a capacidade para a súa posta en práctica. A consecución dos obxectivos cun alto grao de desenvolvemento das destrezas, habilidades e coñecementos, suporá obter as máximas cualificacións. Esta gradación axustarase á consecución dos obxectivos establecidos para o curso tendo en conta os diferentes elementos establecidos nos criterios de avaliación

O non acadar os mínimos esixibles definidos nos criterios de avaliación suporá unha cualificación por debaixo do 5.

Na cualificación poñerase en valor o interese e implicación demostrados polo alumno na materia

**F- Enfoque metodolóxico**

O enfoque metodolóxico terá aspectos comúns para todos os cursos, tendo en conta a necesidade de aplicar uns principios de coherencia que veñen determinados nos fundamentos do aprendizaxe constructivista. O desenvolvemento da materia será eminentemente práctico, tendo en conta a significatividade das aprendizaxes e o carácter constructivista que marcarán as dinámicas de aula:

- Aprendizaxes útiles e que guíen a práctica da interpretación.
- O alumno debe construír a súa aprendizaxe.

Nesta liña os alumnos son o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, mentres que o docente debe adoptar un perfil de guía e condutor.

A participación das familias preséntase como un recurso metodolóxico de gran importancia. A súa asistencia á aula na clase de instrumento representa un recurso insubstituíble para a consecución dos obxectivos xa que permite a prolongación da actividade de ensino – aprendizaxe ás sesión de estudo individual nos fogares durante a semana. Neste mesmo sentido e incluído dentro dos aspectos vinculados á acción titorial, a información sobre a concienciación do traballo constante tanto ás familias como aos alumnos representa un recurso metodolóxico de gran transcendencia para a consecución dos obxectivos plantexados nos estudos musicais.

Así mesmo, tanto nos primeiros cursos como nos mais avanzados o traballo en colaboración alumno – profesor representa outro recurso metodolóxico transcendente xa que supón a posta en práctica do aprendizaxe vicario, especialmente nos aspectos vinculados cos contidos subxectivos do linguaxe da música, interpretación, dicción, expresión, interpretación, agóxica etc. Neste mesmo sentido a participación do alumnado dos cursos máis altos formando dúos cos de cursos iniciais, aporta un recurso de fomento do traballo cooperativo en contraposición co individual e xera elementos motivadores para o alumnado máis novo xa que toma como referencia o exemplo dos máis maiores. Por outra

banda, serve para dotar de utilidade os aprendizaxes dos maiores e dotarlles de referencias con respecto ao seu nivel na actualidade e os avances levados a cabo ao longo dos cursos, produto do seu esforzo.

A secuencialización e os recursos desenvolveranse de forma flexible e atendendo á avaliación inicial, ás necesidades, peculiaridades e progresos dos alumnos, o cal afectará ao proceso de avaliación continua ou formativa.

Por último o traballo en coordinación con outros departamentos aporta a posibilidade de establecer criterios comúns no traballo conxunto, o que permitirá un mais acelerado proceso na consecucións dos obxectivos

## G - Recursos didácticos

**Bibliográficos:**

- J. M. CORTÉS AIRES: “Curso preparatorio”. (Ed. Real Musical).
- J. A. Muro: “Basic Pieces” Vol. I. (Ed. Chanterelle).
- R. KAPPELER: “Der Kleine Musikus. I” (Ed. Edition Peters).
- T. CAMACHO: “Escuela de Guitarra” Vol. I. (Ed. Real Musical).
- CANO: “Vorspiel”
- Z. NÖMAR: “La Guitarra” Iniciación. (Ed. Real Musical).
- J. M. CORTÉS AIRES: “Cuadernos Didácticos para Guitarra” Técnica Elemental. (Ed. Real Musical).
- J. L. RODRIGO-M. A. JIMÉNEZ: “Método de Guitarra”, Curso Primero. (Ed. Sociedad Didáctico Musical)
- F. RIVAS: “Mi Primer Cuaderno de Guitarra”. (Ed. Real Musical).
- “Preparatorio de Guitarra”, Ejercicios progresivos y piezas diversas. (Ed. Sociedad Didáctico Musical)
- C. RIZZUTI: “Método para Guitarra” Lecciones Elementales. (Ed. Ricordi)
- JIMENEZ- ROMAN: “Mi primer libro de Guitarra”. (Ed. Real Musical).
- D. KREIDLER: “Guitarrenschule” Band 1. (Ed. Schott)
- P. A. IPARRAGUIRRE: “El Principiante” Lecciones Elementales. (Ed. Ricordi)
- SCHALLER- SCHEIT: “Lehrwerk für die guitarre” Helft 1 (Ed. Universal Edition)

**Tecnolóxicos:**

-Material auditivo: Discos compactos con gravacións de referencia.
-Afinadores en formato software libre: Tune it y Minituner
-Metrónomo dixital

**Outros:**

- Diapasón de horquilla
- Alzapie
- Atril

**H - Procedementos de acceso ao currículo, se é o caso, para o alumnado con necesidades específicas.**

Segundo o establecido no decreto 198/2007, para acceder ás ensinanzas de grao elemental de música será requisito imprescindible superar una proba específica de acceso, que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade.

O procedemento de acceso ao primeiro curso de grao elemental atenderá exclusivamente á avaliación das aptitudes musicais das persoas aspirantes e á idade idónea para iniciar os seus estudos nas especialidades instrumentais. En todo caso, a idade mínima de acceso será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.

En canto ó acceso a outros cursos terase que superar una proba na que se avaliarán, ademais das aptitudes e da idade idónea, a capacidade e os coñecementos dos alumnos e das alumnas para continuar os estudos nas especialidades instrumentais para as que se solicite a praza.

Neste sentido os alumnos de nova incorporación estarán suxeitos ao paso das correspondentes probas que establecen uns criterios mínimos de capacidade e aptitude para acceder aos estudos musicais.

Non deberemos perder de vista que a finalidade do grao elemental deberá ser a de, segundo o establecido no decreto 198/2007 polo que se establecen a ordenación do grao elemental, promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. Polo tanto a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas non debera afectar aos compoñentes prescriptivos do currículo. En todo caso, e segundo establece a disposición adicional quinta do decreto anteriormente citado no seu punto 2º, “a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, esas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto”.

As medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes virán determinadas cas circunstancias específicas de cada caso, e serán as vinculadas coa adaptación da temporalización e secuenciación dos contidos, a orientación didáctica cara a cumprimentar as posibles dificultades da aprendizaxe, a adaptación dos recursos, sexan materiais, de mobiliario, bibliográficos, reorganización dos tempos lectivos e da sesión de clase, asignación de clases de apoio, cando a dispoñibilidade de profesorado o permita, o respaldo das familias establecendo dinámicas máis estreitas de comunicación e cooperación, ou outras medidas reforzo educativo, sen que como xa se mencionou anteriormente, os compoñentes prescriptivos do currículo non se vexan afectados.

Por outra banda o propio decreto si establece un procedemento de Matrícula excepcional para alumnado coa capacidade suficiente que lle permita avanzar cara a cursos mais altos, o cal deberase ter en conta nestes casos.

**I - Actividades culturais e promoción das ensinanzas programadas polo departamento**

A materia está relacionada con gran parte das actividades culturais contidas na Programación Xeral Anual: audicións de aula, concertos trimestrais de centro, concertos exprés, concertos didácticos, etc.

Como mínimo se establece un concerto trimestral do departamento, pudendo ampliarse aos que organice cada un dos membros do mesmo coa participación dos seus alumnos. Poderanse engadir alumnado doutras materias das impartidas polos membros do departamento ou doutros docentes. De igual xeito tamén se plantexa a participación dalgún alumno/a destacado que pida afrontar un concerto ou audición en solitario, así como a colaboración dos alumnos de cursos máis avanzados acompañando aos mais novos nos concertos.

**J- Procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o desenvolvemento e resultados da súa programación didáctica.**

O departamento encargarase de avaliar os resultados ao final de cada período lectivo. Ao finalizar cada trimestre debe valorarse os resultados adquiridos polos alumnos con respecto aos obxectivos establecidos inicialmente. Así mesmo, revisaranse os obxectivos e contidos programados para o trimestre seguinte. Ao final do curso farase un análise dos resultados xerais do curso académico, recollendo nunha breve memoria o número de aprobados e suspensos, as cualificacións por alumnos e a media da promoción, obxectivos e contidos desenvoltos e a que nivel, así como calquera outra peculiaridade que sexa proposta polo docente ou solicitada polo Xefe do departamento ou pola xefatura de estudos. Estes datos e o seu análise formarán parte da memoria anual do centro.

**K- Procedemento para realizar a avaliación interna do departamento**

A avaliación interna do departamento está enmarcada dentro dos procedementos de avaliación do centro. Esta levarase a cabo en cada unha das reunións preceptivas, co intercambio de opinións os compoñentes do mesmo. Ao finalizar cada curso o departamento porá en marcha a elaboración da memoria anual na que deberanse ter en conta os datos aportados por cada materia. En base aos datos obtidos analizaranse posibles procedementos de mellora cara ao curso seguinte de forma conxunta que serán propostos ante a xefatura de estudos.

## 2º CURSO GRAO ELEMENTAL

### A - Obxectivos:

1. Afianzar a posición do corpo respecto ao instrumento que permita obter un son axeitado ao nivel do curso.
2. Perfeccionar os contidos do primeiro curso
3. Traballar diferentes combinacións de dedos na man dereita.
4. Iniciar a afinación do instrumento.
5. Iniciar o desenvolvemento das medias cellas
6. Iniciar o desenvolvemento dos ligados simples ascendentes e descendentes con combinacións dos dedos 1-2, 1-3 na man esquerda
7. Coñecer as notas do diapasón en 2ª posición.
8. Interpretar un repertorio básico formado por pezas dunha dificultade acorde con este nivel.
9. Interpretar en público, coa suficiente seguridade.

### B - Contidos:

1. Consolidación de hábitos de estudio correctos.
2. Desenvolvemento e mellora da calidade sonora.
3. Práctica dos harmónicos para a afinación do instrumento.
4. Execución de escalas dunha oitava.
5. Práctica de arpexos de tres notas.
6. Realización de acordes de tres notas.
7. Lectura a primeira vista de fragmentos sinxelos.
8. Iniciación á utilización das dinámicas.
9. Valoración do traballo persoal.

### C - Criterios de avaliación.

1. Lograr unha mellor posición corporal que permita a práctica instrumental máis relaxada e con menos tensións.
2. Acadar unha maior independencia de cada un dos dedos da man dereita de xeito que se disocie a articulación de cada dedo sen tensionar os outros.
3. Acadar unha posición da man esquerda para que permita a mobilidade cada vez máis ampla desta sobre o diapasón.
4. Demostrar una coordinación axeitada námbalas mans para a execución das diferentes pezas.
5. Lograr interpretar música de conxunto a dúo co profesor sobre partes simples demostrando responsabilidade no traballo individual e cooperación no traballo en grupo.
6. Ler con rigor e fluidez pezas monódicas e polifónicas sinxelas que se encontren dentro do repertorio acorde con este nivel.
7. Interpretar un repertorio formado por diversas pezas de características similares ao proposto dentro dos recursos para este curso.
8. Interpretar en público algunhas das pezas traballadas para mostrar o traballo realizado coa suficiente seguridade.

**Mínimos esixibles:**

1º Trimestre:

- Traballar un mínimo de cinco pezas en solitario no trimestre.
- Interpretar unha peza na audición do departamento.
- Mostrar unha mellora nos puntos 1º, 2º, 3º e 5º dos criterios de avaliación.

2º Trimestre:

- Traballar un mínimo de cinco pezas no trimestre
- Interpretar unha peza na audición do departamento.
- Mostrar unha mellora nos apartados 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º dos criterios da avaliación.

3º Trimestre:

- Acadar tódolos obxectivos descritos para este curso.
- Traballar un mínimo de cinco pezas no trimestre.
- Interpretar unha peza na audición do departamento

**Medidas de recuperación**

Recuperación trimestral: Realizarase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior.

Recuperación final: Realizarase un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso.

**Proba extraordinaria**

O alumno realizará un exame no que deberá mostrar que ten superados os obxectivos e contidos deste curso, no caso de que non se especifiquen outros no informe de recuperación onde se establezan as propostas de actividades de recuperación. Os criterios de avaliación serán os mesmos que os indicados para o curso.

## D – Procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado

Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado conteñen aspectos comúns ao longo dos diferentes cursos e graos. Así, independentemente do curso, nas primeiras sesións de clase poñeranse en marcha mecanismos de avaliación inicial para coñecer o punto de partida dos alumnos respecto dos contidos que se desenvolverán na materia. Este punto de partida determina en todo momento as accións a seguir.

No que respecta á medida dos resultados na materia primarase a avaliación continua ou formativa fronte á avaliación sumativa. Ao final de cada período trimestral de docencia adxudicarase aos resultados de cada alumno unha cualificación cuantitativa nunha escada de entre 0 e 10. A cualificación do último trimestre corresponderase coa cualificación final que constará no expediente do alumno como nota xeral da materia.

Tendo en conta o perfil eminentemente práctico, os principais instrumentos de avaliación desenvolveranse a través da valoración da práctica, tanto individual e en conxunto; a través das prácticas de aula, ben a partir das audicións acordadas cos alumnos.

Ao longo dos trimestres desenvolveranse diferentes actividades avaliables, entre as que constan en primeiro lugar a avaliación continua que o docente leva a cabo cada día acerca dos diferentes aspectos técnicos e interpretativos sobre os estudos e diferentes obras interpretadas polo alumno na clase. Un segundo aspecto ten que ver coa avaliación pública que se leva a cabo nos concertos e audicións postos en marcha dentro do propio departamento ou os xerais de trimestre. Nestes se avalían a consecución do desenvolvemento de destrezas de dominio escénico e capacidade de afrontar o traballo dos aspectos interpretativos no ámbito do escenario cara ó público

A autoavaliación será un requisito imprescindible para cada alumno. O exercicio de analizar e valorar o grao de implicación, traballo, e resultados fomenta a acomodación de metas e estratexias de aprendizaxe e fomenta a responsabilidade

**E - Criterios de cualificación que se vaian a aplicar.**

Terase en conta o grao de aprendizaxe e asimilación dos contidos teóricos, así como a capacidade para a súa posta en práctica. A consecución dos obxectivos cun alto grao de desenvolvemento das destrezas, habilidades e coñecementos, suporá obter as máximas cualificacións. Esta gradación axustarase á consecución dos obxectivos establecidos para o curso tendo en conta os diferentes elementos establecidos nos criterios de avaliación

O non acadar os mínimos esixibles definidos nos criterios de avaliación suporá unha cualificación por debaixo do 5.

Na cualificación poñerase en valor o interese e implicación demostrados polo alumno na materia

**F- Enfoque metodolóxico**

O enfoque metodolóxico terá aspectos comúns para todos os cursos, tendo en conta a necesidade de aplicar uns principios de coherencia que veñen determinados nos fundamentos do aprendizaxe constructivista. O desenvolvemento da materia será eminentemente práctico, tendo en conta a

significatividade das aprendizaxes e o carácter constructivista que marcarán as dinámicas de aula:

- Aprendizaxes útiles e que guíen a práctica da interpretación.
- O alumno debe construír a súa aprendizaxe.

Nesta liña os alumnos son o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, mentres que o docente debe adoptar un perfil de guía e condutor.

A participación das familias preséntase como un recurso metodolóxico de gran importancia. A súa asistencia á aula na clase de instrumento representa un recurso insubstituíble para a consecución dos obxectivos xa que permite a prolongación da actividade de ensino – aprendizaxe ás sesión de estudo individual nos fogares durante a semana. Neste mesmo sentido e incluído dentro dos aspectos vinculados á acción titorial, a información sobre a concienciación do traballo constante tanto ás familias como aos alumnos representa un recurso metodolóxico de gran transcendencia para a consecución dos obxectivos plantexados nos estudos musicais.

Así mesmo, tanto nos primeiros cursos como nos mais avanzados o traballo en colaboración alumno – profesor representa outro recurso metodolóxico transcendente xa que supón a posta en práctica do aprendizaxe vicario, especialmente nos aspectos vinculados cos contidos subxectivos do linguaxe da música, interpretación, dicción, expresión, interpretación, agóxica etc. Neste mesmo sentido a participación do alumnado dos cursos máis altos formando dúos cos de cursos iniciais, aporta un recurso de fomento do traballo cooperativo en contraposición co individual e xera elementos motivadores para o alumnado máis novo xa que toma como referencia o exemplo dos máis maiores. Por outra banda, serve para dotar de utilidade os aprendizaxes dos maiores e dotarlles de referencias con respecto ao seu nivel na actualidade e os avances levados a cabo ao longo dos cursos, produto do seu esforzo.

A secuencialización e os recursos desenvolveranse de forma flexible e atendendo á avaliación inicial, ás necesidades, peculiaridades e progresos dos alumnos, o cal afectará ao proceso de avaliación continua ou formativa.

Por último o traballo en coordinación con outros departamentos aporta a posibilidade de establecer criterios comúns no traballo conxunto, o que permitirá un mais acelerado proceso na consecucións dos obxectivos

**G - Recursos didácticos:**

**Bibliográficos:**

- M. LINNEMANN: “Gitarren Geschichten”, (Ed. Ricordi).
- J.A. MURO: “Basic Pieces” Vol. I, (Ed. Chanterelle).
- Z. NÖMAR: “La Guitarra” Iniciación. (Ed. Real Musical).
- G. SCHWERTBERGER: “Easy Guitar”, (Ed. Verlag Doblinguer).
- M. VANSDERMAESBRUGGE: “Tres pequeñas piezas”, (Ed. Du Zéphyr).

- F. CARULLI: “Estudios para guitarra”, (Ed. Real Musical).
- M. GIULIANI: “Le Papillon Op. 30”, (Ed. Real Musical).
- R. de Visée: “Menuet”
- R. KAPPELER: “Der Kleine Musikus. II” (Ed. Edition Peters).
- J. A. Muro: “Basic Pieces” Vol. I. (Ed. Chanterelle).
- T. CAMACHO: “Escuela de Guitarra” Vol. I y II. (Ed. Real Musical).
- L. RODRIGO-M. A. JIMÉNEZ: “Método de Guitarra”, Curso Segundo. (Ed. Sociedad Didáctico Musical)
- C. RIZZUTI: “Método para Guitarra” Lecciones Elementales. (Ed. Ricordi)
- D. KREIDLER: “Guitarrenschule” Band 1 y 2. (Ed. Schott)
- SCHALLER- SCHEIT: “Lehrwerk für die guitarre” Helft 2 (Ed. Universal Edition)
- P. A. IPARRAGUIRRE: “El Principiante” Lecciones Elementales. (Ed. Ricordi)

**Tecnolóxicos:**

-Material auditivo: Discos compactos con gravacións de referencia.
-Afinadores en formato software libre: Tune it y Minituner.

**Outros:**

- Diapasón de horquilla
- Alzape
- Atril

**H - Procedementos de acceso ao currículo, se é o caso, para o alumnado con necesidades específicas.**

Segundo o establecido no decreto 198/2007, para acceder ás ensinanzas de grao elemental de música será requisito imprescindible superar una proba específica de acceso, que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade.

O procedemento de acceso ao primeiro curso de grao elemental atenderá exclusivamente á avaliación das aptitudes musicais das persoas aspirantes e á idade idónea para iniciar os seus estudos nas especialidades instrumentais. En todo caso, a idade mínima de acceso será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.

En canto ó acceso a outros cursos terase que superar una proba na que se avaliarán, ademais das aptitudes e da idade idónea, a capacidade e os coñecementos dos alumnos e das alumnas para continuar os estudos nas especialidades instrumentais para as que se solicite a praza.

Neste sentido os alumnos de nova incorporación estarán suxeitos ao paso das correspondentes probas que establecen uns criterios mínimos de capacidade e aptitude para acceder aos estudos musicais.

Non deberemos perder de vista que a finalidade do grao elemental deberá ser a de, segundo o establecido no decreto 198/2007 polo que se establecen a ordenación do grao elemental, promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. Polo tanto a adaptación das materias a

alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas non debera afectar aos compoñentes prescriptivos do currículo. En todo caso, e segundo establece a disposición adicional quinta do decreto anteriormente citado no seu punto 2º, “a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, esas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto”.

As medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes virán determinadas cas circunstancias específicas de cada caso, e serán as vinculadas coa adaptación da temporalización e secuenciación dos contidos, a orientación didáctica cara a cumprimentar as posibles dificultades da aprendizaxe, a adaptación dos recursos, sexan materiais, de mobiliario, bibliográficos, reorganización dos tempos lectivos e da sesión de clase, asignación de clases de apoio, cando a dispoñibilidade de profesorado o  permita, o respaldo das familias establecendo dinámicas máis estreitas de comunicación e cooperación, ou outras medidas reforzo educativo, sen que como xa se mencionou anteriormente, os compoñentes prescriptivos do currículo non se vexan afectados.

Por outra banda o propio decreto si establece un procedemento de Matrícula excepcional para alumnado coa capacidade suficiente que lle permita avanzar cara a cursos mais altos, o cal deberase ter en conta nestes casos.

## I - Actividades culturais e promoción das ensinanzas programadas polo departamento.

A materia está relacionada con gran parte das actividades culturais contidas na Programación Xeral Anual: audicións de aula, concertos trimestrais de centro, concertos exprés, concertos didácticos, etc.

Como mínimo se establece un concerto trimestral do departamento, pudendo ampliarse aos que organice cada un dos membros do mesmo coa participación dos seus alumnos. Poderanse engadir alumnado doutras materias das impartidas polos membros do departamento ou doutros docentes. De igual xeito tamén se plantexa a participación dalgún alumno/a destacado que pida afrontar un concerto ou audición en solitario, así como a colaboración dos alumnos de cursos máis avanzados acompañando aos mais novos nos concertos.

## J- Procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o desenvolvemento e resultados da súa programación didáctica.

O departamento encargarase de avaliar os resultados ao final de cada período lectivo. Ao finalizar cada trimestre debe valorarse os resultados adquiridos polos alumnos con respecto aos obxectivos establecidos inicialmente. Así mesmo, revisaranse os obxectivos e contidos programados para o trimestre seguinte. Ao final do curso farase un análise dos resultados xerais do curso académico, recollendo nunha breve memoria o número de aprobados e suspensos, as cualificacións por alumnos e a media da promoción, obxectivos e contidos

desenvoltos e a que nivel, así como calquera outra peculiaridade que sexa proposta polo docente ou solicitada polo Xefe do departamento ou pola xefatura de estudos. Estes datos e o seu análise formarán parte da memoria anual do centro.

## K- Procedemento para realizar a avaliación interna do departamento

A avaliación interna do departamento está enmarcada dentro dos procedementos de avaliación do centro. Esta levarase a cabo en cada unha das reunións preceptivas, co intercambio de opinións os compoñentes do mesmo. Ao finalizar cada curso o departamento porá en marcha a elaboración da memoria anual na que deberanse ter en conta os datos aportados por cada materia. En base aos datos obtidos analizaranse posibles procedementos de mellora cara ao curso seguinte de forma conxunta que serán propostos ante a xefatura de estudos.

# 3º CURSO GRAO ELEMENTAL

## A- Obxectivos:

1. Asumir e interiorizar unha posición corporal que posibilite e favoreza a acción do conxunto brazo-antebrazo-muñeca-mans-dedos esquerdos sobre o diapasón e dereitos sobre as cordas.
2. Iniciación ao son. As uñas e o seu emprego.
3. Recoñecer os distintos timbres do instrumento, desenvolvendo ao mesmo tempo a calidade sonora e utilizándoa segundo as esixencias do nivel
4. Adquirir un coñecemento básico da dixitación.
5. Continuar co desenvolvemento dos ligados.
6. Continuar co desenvolvemento das medias cellas.
7. Continuar co desenvolvemento do método de afinación por harmónicos
8. Iniciación a los modos de pulsación.
9. Comprensión del concepto da execución legato en ámbalas dúas mans
10. Interpretar de memoria fragmentos musicais.
11. Interpretar pezas con diferentes problemas técnicos e de diferentes estilos axeitados ao nivel do curso.
12. Adquirir conciencia da importancia do traballo individual e a capacidade para escoitar e ser crítico consigo mesmo.
13. Iniciar un mínimo coñecemento da estética musical de las distintas épocas.
14. Interpretar en público coa suficiente solvencia.

## B - Contidos:

1. Desenvolvemento progresivo da calidade sonora.

2. Traballo da execución Legato en ámbalas dúas mans
3. Iniciación ao coidado das uñas
4. Coñecemento das estruturas formais simples.
5. Práctica de acordes simultáneos e arpexados
6. Realización de ligados simples ascendentes e descendentes.
7. Realización de medias cellas.
8. Desenvolvemento progresivo da memoria.
9. Interpretación das distintas pezas respectando as indicacións sobre dinámica e articulación.
10. Consolidación duns correctos hábitos de estudo e unha boa distribución temporal do traballo a realizar.
11. Utilización dos recursos tímbricos do instrumento dependendo do lugar de pulsación na interpretación das diferentes pezas.
12. Desenvolvemento e valoración do propio esforzo
13. Lectura a primeira vista.
14. Actitude crítica ante a propia interpretación.
15. Participación nas actividades do centro, concertos, audicións, actividades complementarias

**C - Criterios de avaliación.**

1. Lograr unha axeitada e relaxada posición corporal con respecto ao instrumento que permita tocar evitando tensións innecesarias.
2. Demostrar do emprego da execución Legato námbalas dúas mans.
3. Acadar o desenvolvemento dunha correcta posición da man dereita que permita a independencia de cada un dos dedos, así como co desenvolvemento progresivo da calidade sonora podéndose iniciar na pulsación con uña.
4. Acadar o desenvolvemento dunha posición correcta da man esquerda que permita a mobilidade desta sobre o diapasón, así como a realización de ligados e cellas.
5. Demostrar o desenvolvemento da coordinación dos movementos de ámbalas dúas mans para obter unha interpretación limpa y áxil que permita a práctica de acordes simultáneos e arpexados, así como a interpretación de pezas a varias voces.
6. Interpretar música de conxunto co profesor sobre partes simples demostrando responsabilidade no traballo individual e cooperación no traballo en grupo.
7. Ler con rigor e fluidez pezas polifónicas que se encontren dentro do repertorio acorde con este nivel.
8. Interpretar un repertorio formado por diversas pezas de características similares ao proposto dentro dos recursos para este curso.
9. Memorizar algunha das pezas do repertorio.
10. Interpretar en público algunhas das pezas traballadas coa suficiente solvencia.

**Mínimos esixibles:**

1º Trimestre:

- Traballar un mínimo de cinco pezas en solitario no trimestre.
- Interpretar unha peza na audición do departamento.
- Mostrar unha mellora nos puntos 1º, 2º, 3º e 5º dos criterios de avaliación.

2º Trimestre:

- Traballar un mínimo de cinco pezas no trimestre
- Interpretar unha peza na audición do departamento.
- Mostrar unha mellora nos apartados 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º dos criterios da avaliación.

3º Trimestre:

- Acadar tódolos obxectivos descritos para este curso.
- Traballar un mínimo de cinco pezas no trimestre.
- Interpretar unha peza na audición do departamento

**Medidas de recuperación**

Recuperación trimestral: Realizarase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior.

Recuperación final: Realizarase un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso.

**Proba extraordinaria**

O alumno realizará un exame no que deberá mostrar que ten superados os obxectivos e contidos deste curso, no caso de que non se especifiquen outros no informe de recuperación onde se establezan as propostas de actividades de recuperación. Os criterios de avaliación serán os mesmos que os indicados para o curso.

## D – Procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado

Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado conteñen aspectos comúns ao longo dos diferentes cursos e graos. Así, independentemente do curso, nas primeiras sesións de clase poñeranse en marcha mecanismos de avaliación inicial para coñecer o punto de partida dos alumnos respecto dos contidos que se desenvolverán na materia. Este punto de partida determina en todo momento as accións a seguir.

No que respecta á medida dos resultados na materia primarase a avaliación continua ou formativa fronte á avaliación sumativa. Ao final de cada período trimestral de docencia adxudicarase aos resultados de cada alumno unha cualificación cuantitativa nunha escada de entre 0 e 10. A cualificación do último

trimestre corresponderase coa cualificación final que constará no expediente do alumno como nota xeral da materia.

Tendo en conta o perfil eminentemente práctico, os principais instrumentos de avaliación desenvolveranse a través da valoración da práctica, tanto individual e en conxunto; a través das prácticas de aula, ben a partir das audicións acordadas cos alumnos.

Ao longo dos trimestres desenvolveranse diferentes actividades avaliables, entre as que constan en primeiro lugar a avaliación continua que o docente leva a cabo cada día acerca dos diferentes aspectos técnicos e interpretativos sobre os estudos e diferentes obras interpretadas polo alumno na clase. Un segundo aspecto ten que ver coa avaliación pública que se leva a cabo nos concertos e audicións postos en marcha dentro do propio departamento ou os xerais de trimestre. Nestes se avalían a consecución do desenvolvemento de destrezas de dominio escénico e capacidade de afrontar o traballo dos aspectos interpretativos no ámbito do escenario cara ó público

A autoavaliación será un requisito imprescindible para cada alumno. O exercicio de analizar e valorar o grao de implicación, traballo, e resultados fomenta a acomodación de metas e estratexias de aprendizaxe e fomenta a responsabilidade

## E - Criterios de cualificación que se vaian a aplicar.

Terase en conta o grao de aprendizaxe e asimilación dos contidos teóricos, así como a capacidade para a súa posta en práctica. A consecución dos obxectivos cun alto grao de desenvolvemento das destrezas, habilidades e coñecementos, suporá obter as máximas cualificacións. Esta gradación axustarase á consecución dos obxectivos establecidos para o curso tendo en conta os diferentes elementos establecidos nos criterios de avaliación

O non acadar os mínimos esixibles definidos nos criterios de avaliación suporá unha cualificación por debaixo do 5.

Na cualificación poñerase en valor o interese e implicación demostrados polo alumno na materia

## F- Enfoque metodolóxico

O enfoque metodolóxico terá aspectos comúns para todos os cursos, tendo en conta a necesidade de aplicar uns principios de coherencia que veñen determinados nos fundamentos do aprendizaxe constructivista. O desenvolvemento da materia será eminentemente práctico, tendo en conta a significatividade das aprendizaxes e o carácter constructivista que marcarán as dinámicas de aula:

- Aprendizaxes útiles e que guíen a práctica da interpretación.
- O alumno debe construír a súa aprendizaxe.

Nesta liña os alumnos son o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, mentres que o docente debe adoptar un perfil de guía e condutor.

A participación das familias preséntase como un recurso metodolóxico de gran importancia. A súa asistencia á aula na clase de instrumento representa un recurso insubstituíble para a consecución dos obxectivos xa que permite a prolongación da actividade de ensino – aprendizaxe ás sesión de estudo individual nos fogares durante a semana. Neste mesmo sentido e incluído dentro dos aspectos vinculados á acción titorial, a información sobre a concienciación do traballo constante tanto ás familias como aos alumnos representa un recurso metodolóxico de gran transcendencia para a consecución dos obxectivos plantexados nos estudos musicais.

Así mesmo, tanto nos primeiros cursos como nos mais avanzados o traballo en colaboración alumno – profesor representa outro recurso metodolóxico transcendente xa que supón a posta en práctica do aprendizaxe vicario, especialmente nos aspectos vinculados cos contidos subxectivos do linguaxe da música, interpretación, dicción, expresión, interpretación, agóxica etc. Neste mesmo sentido a participación do alumnado dos cursos máis altos formando dúos cos de cursos iniciais, aporta un recurso de fomento do traballo cooperativo en contraposición co individual e xera elementos motivadores para o alumnado máis novo xa que toma como referencia o exemplo dos máis maiores. Por outra banda, serve para dotar de utilidade os aprendizaxes dos maiores e dotarlles de referencias con respecto ao seu nivel na actualidade e os avances levados a cabo ao longo dos cursos, produto do seu esforzo.

A secuencialización e os recursos desenvolveranse de forma flexible e atendendo á avaliación inicial, ás necesidades, peculiaridades e progresos dos alumnos, o cal afectará ao proceso de avaliación continua ou formativa.

Por último o traballo en coordinación con outros departamentos aporta a posibilidade de establecer criterios comúns no traballo conxunto, o que permitirá un mais acelerado proceso na consecucións dos obxectivos

## G – Recursos didácticos:

### Bibliográficos:

- ANÓNIMO: “A Toy”
- F. CARULLI: “15 estudios fáciles”, (Ed. Real Musical).
- M. GIULIANI: “La Mariposa, op.30”, (Ed. Real Musical).
- J. A. MURO: “Basic Pieces” Vol. II, (Ed. Chanterelle.
- M. LINNEMANN: “Leichte Folklorestücke”, (Ed. Ricordi).
- G. MONTREUIL: “Divertiments”, (Ed. Doberman).
- J. M. FERNÁNDEZ: “Piezas para Guitarra”, (Ed. Piles).
- J. DUARTE: “Travels with the Guitar”, (Ed. Ricordi).
- M. VANSDERMAESBRUGGE: “Tres pequeñas Piezas”, (Ed. du Zéphyr).
- L. BROUWER: “Estudios sencillos” del 1 al 5, (Ed. Max Eschig)
- SCHALLER- SCHEIT: “Lehrwerk für die guitarre” Helft 3 (Ed. Universal Edition)

- L. RODRIGO-M. A. JIMÉNEZ: “Método de Guitarra”, Curso Tercero. (Ed. Sociedad Didáctico Musical)
- D. KREIDLER: “Guitarrenschule” Band 2. (Ed. Schott)
- T. CAMACHO: “Escuela de Guitarra” Vol. II. (Ed. Real Musical).
- R. REGUERA: “Tratado Elemental para Guitarra”. (Ed. Nueva Carisch España S. L.)
- J. M. CORTÉS AIRES: “Seis Estudios para Guitarra”. (Ed. Real Musical).

**Tecnolóxicos:**
-Material auditivo: Discos compactos con gravacións de referencia.
-Afinadores en formato software libre: Tune it y Minituner.

**Outros:**
- Diapasón de horquilla
- Alzapie
- Atril

**H - Procedementos de acceso ao currículo, se é o caso, para o alumnado con necesidades específicas.**

5. Amosar a capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos sobre o novo repertorio.
6. Ser capaz de resolver as dificultades técnicas nos estudos e obras do curso.
7. Amosar o desenvolvemento dunha posición óptima da man esquerda que permita a mobilidade desta sobre o diapasón, así como a realización de ligados e cellas completas e parciais nas obras e estudios do curso.
8. Demostrar a capacidade para a utilización do análise harmónico e formal para fins interpretativos.
9. Demostrar o desenvolvemento da coordinación dos movementos de ámbalas dúas mans para obter unha interpretación limpa y áxil na interpretación das pezas do curso.
10. Ler con rigor e fluidez pezas polifónicas que se encontren dentro do repertorio acorde con este nivel.
11. Ser capaz de interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel na guitarra, con seguridade e control da situación.
12. Lograr memorizar cando menos unha das pezas do repertorio.
15. Ser capaz de interpretar catro estudos e catro obras de unha dificultade similar ás propostas no apartado de recursos.

**Mínimos esixibles:**

1º Trimestre:

- Traballar un mínimo de un estudo e dúas obras no trimestre.
- Interpretar unha peza na audición do departamento.

- Mostrar unha mellora nos puntos 1º, 2º, 3º e 5º dos criterios de avaliación.

2º Trimestre:

- Traballar un mínimo de unha obre e dous estudos no trimestre
- Interpretar unha peza na audición do departamento.
- Mostrar unha mellora nos apartados 1º, 2º 3º, 4º, 5º, 6º, 7º e 8º dos criterios da avaliación.

3º Trimestre:

- Acadar tódolos obxectivos descritos para este curso.
- Traballar un mínimo de dous estudos e dúas obras no trimestre.
- Interpretar dúas pezas na audición do departamento.

**Medidas de recuperación**

Recuperación trimestral: Realizarase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior.

Recuperación final: Realizarase un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso.

**Proba extraordinaria**

O alumno realizará un exame no que deberá mostrar que ten superados os obxectivos e contidos deste curso, no caso de que non se especifiquen outros no informe de recuperación onde se establezan as propostas de actividades de recuperación. Os criterios de avaliación serán os mesmos que os indicados para o curso.

**D – Procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado**

Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado conteñen aspectos comúns ao longo dos diferentes cursos e graos. Así, independentemente do curso, nas primeiras sesións de clase poñeranse en marcha mecanismos de avaliación inicial para coñecer o punto de partida dos alumnos respecto dos contidos que se desenvolverán na materia. Este punto de partida determina en todo momento as accións a seguir.

No que respecta á medida dos resultados na materia primarase a avaliación continua ou formativa fronte á avaliación sumativa. Ao final de cada período trimestral de docencia adxudicarase aos resultados de cada alumno unha cualificación cuantitativa nunha escada de entre 0 e 10. A cualificación do último

trimestre corresponderase coa cualificación final que constará no expediente do alumno como nota xeral da materia.

Tendo en conta o perfil eminentemente práctico, os principais instrumentos de avaliación desenvolveranse a través da valoración da práctica, tanto individual e en conxunto; a través das prácticas de aula, ben a partir das audicións acordadas cos alumnos.

Ao longo dos trimestres desenvolveranse diferentes actividades avaliables, entre as que constan en primeiro lugar a avaliación continua que o docente leva a cabo cada día acerca dos diferentes aspectos técnicos e interpretativos sobre os estudos e diferentes obras interpretadas polo alumno na clase. Un segundo aspecto ten que ver coa avaliación pública que se leva a cabo nos concertos e audicións postos en marcha dentro do propio departamento ou os xerais de trimestre. Nestes se avalían a consecución do desenvolvemento de destrezas de dominio escénico e capacidade de afrontar o traballo dos aspectos interpretativos no ámbito do escenario cara ó público

A autoavaliación será un requisito imprescindible para cada alumno. O exercicio de analizar e valorar o grao de implicación, traballo, e resultados fomenta a acomodación de metas e estratexias de aprendizaxe e fomenta a responsabilidade

**E - Criterios de cualificación que se vaian a aplicar.**

Terase en conta o grao de aprendizaxe e asimilación dos contidos teóricos, así como a capacidade para a súa posta en práctica. A consecución dos obxectivos cun alto grao de desenvolvemento das destrezas, habilidades e coñecementos, suporá obter as máximas cualificacións. Esta gradación axustarase á consecución dos obxectivos establecidos para o curso tendo en conta os diferentes elementos establecidos nos criterios de avaliación

O non acadar os mínimos esixibles definidos nos criterios de avaliación suporá unha cualificación por debaixo do 5.

Na cualificación poñerase en valor o interese e implicación demostrados polo alumno na materia

**F- Enfoque metodolóxico**

O enfoque metodolóxico terá aspectos comúns para todos os cursos, tendo en conta a necesidade de aplicar uns principios de coherencia que veñen determinados nos fundamentos do aprendizaxe constructivista. O desenvolvemento da materia será eminentemente práctico, tendo en conta a significatividade das aprendizaxes e o carácter constructivista que marcarán as dinámicas de aula:

- Aprendizaxes útiles e que guíen a práctica da interpretación.

- O alumno debe construír a súa aprendizaxe.

Nesta liña os alumnos son o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, mentres que o docente debe adoptar un perfil de guía e condutor.

A participación das familias preséntase como un recurso metodolóxico de gran importancia. A súa asistencia á aula na clase de instrumento representa un recurso insubstituíble para a consecución dos obxectivos xa que permite a prolongación da actividade de ensino – aprendizaxe ás sesión de estudo individual nos fogares durante a semana. Neste mesmo sentido e incluído dentro dos aspectos vinculados á acción titorial, a información sobre a concienciación do traballo constante tanto ás familias como aos alumnos representa un recurso metodolóxico de gran transcendencia para a consecución dos obxectivos plantexados nos estudos musicais.

Así mesmo, tanto nos primeiros cursos como nos mais avanzados o traballo en colaboración alumno – profesor representa outro recurso metodolóxico transcendente xa que supón a posta en práctica do aprendizaxe vicario, especialmente nos aspectos vinculados cos contidos subxectivos do linguaxe da música, interpretación, dicción, expresión, interpretación, agóxica etc. Neste mesmo sentido a participación do alumnado dos cursos máis altos formando dúos cos de cursos iniciais, aporta un recurso de fomento do traballo cooperativo en contraposición co individual e xera elementos motivadores para o alumnado máis novo xa que toma como referencia o exemplo dos máis maiores. Por outra banda, serve para dotar de utilidade os aprendizaxes dos maiores e dotarlles de referencias con respecto ao seu nivel na actualidade e os avances levados a cabo ao longo dos cursos, produto do seu esforzo.

A secuencialización e os recursos desenvolveranse de forma flexible e atendendo á avaliación inicial, ás necesidades, peculiaridades e progresos dos alumnos, o cal afectará ao proceso de avaliación continua ou formativa.

Por último o traballo en coordinación con outros departamentos aporta a posibilidade de establecer criterios comúns no traballo conxunto, o que permitirá un mais acelerado proceso na consecucións dos obxectivos

## G- Recursos:

### Estudios:

- N. COSTE: “25 Estudios para Guitarra” Op.38, (U.M.E.) do 22 al 25.
- F. SOR: “30 Estudios”, del 25 al 30 (Ed. U.M.E.)
- DODGSON-QUINE: “Estudios” (Ricordi) del 5 al 10.
- L. BROUWER: “Estudios Simples” (Max Eschig), do 18 ao 20.
- J. F. GUEDINI: “Estudio de concierto”.
- H. VILLA-LOBOS: “12 Estudios” 4, 5, 6, 8 y 9.
- E. PUJOL: “El abejorro”
- F. TÁRREGA: Recuerdos de la Alhambra.

### Obras:

Renacemento - Barroco:

- J.DOWLAND: “Fantasía VII”
- LUIS DE NARVAEZ: “22 diferencias de Conde Carlos”.
- ALONSO MUDARRA: Fantasía que contrahace la harpa en la manera de Ludovico, Diferencias de Conde Claros.
- J. S. BACH: Allemande BWV 996, Zarabanda BWV 997, Gigue BWV 997, Preludio BWV 998, Gavota en Rondó BWV 1006, Preludio BWV 1007, Preludio BWV 1009.
- D. SCARLATTI: Sonatas L. 79, 238 e 483.
- S. L. WEISS: Tombeau sur la mort Mr. Comte de Logy.
- GASPAR SANZ: Suite española. (UME) “La miñona de Cataluña”

Clásico-Romántico:

- FERNANDO SOR: Andante Largo op. 5 nº 5, Variaciones sobre la folía de España op. 15a, Fantasía Los adioses op. 21., “ Sonata en Do mayor Op.15”
- MAURO GIULIANI: “Variaciones sobre un tema de Haendel”.

Contemporáneo:

- H.VILLA-LOBOS: “Preludios Nº. 1, 2 y 5”.
- J. RODRIGO: “En los Trigales”.
- LEO BROUWER: “Elogio de la Danza", “Canticum”.
- RICHARD R. BENNET: “Impromptus”
- MANUEL DE FALLA: Homenaje a Debussy
- J. TURINA: “Fandanguillo", “Homenaje a Tárrega”.
- F. M. TORROBA: “Nocturnos, Modroños”.
- J. W. DUARTE: “Suite Inglesa”
- M. CASTELNUOVO-TEDESCO: “Tonadilla”.
- TASMAN: “Cavatina”
- R. R. ALBERT: “Introducción, Recitado Marcha”.
- R. S .BRINSE: “Polifemo de Oro”.

**Tecnolóxicos:**

-Material auditivo: Discos compactos con gravacións de referencia.

**H - Procedementos de acceso ao currículo, se é o caso, para o alumnado con necesidades específicas.**

Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas non pode afectar aos compoñentes prescriptivos do currículo, polo que

as medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes nestes casos serán medidas de reforzo e apoio educativo.

Neste mesmo sentido os alumnos de nova incorporación estarán suxeitos ao paso das correspondentes probas que establecen uns criterios mínimos de capacidade e aptitude para acceder aos estudos musicais.

Non deberemos perder de vista o establecido no decreto en referencia a que a finalidade do Grao Profesional deberá ser a de proporcionarlle ao alumnado una formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Polo tanto a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas está suxeita ás limitacións impostas por estas finalidades.

As medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes virán determinadas cas circunstancias específicas de cada caso, e serán as vinculadas coa adaptación da temporalización e secuenciación dos contidos, a orientación didáctica cara a cumprimentar as posibles dificultades da aprendizaxe, a adaptación dos recursos, sexan materiais, de mobiliario, bibliográficos, reorganización dos tempos lectivos e da sesión de clase, asignación de clases de apoio, cando a dispoñibilidade de profesorado o permita, o apoio das familias establecendo dinámicas máis estreitas de comunicación e cooperación, ou outras medidas reforzo e apoio educativo, sen que como xa se mencionou anteriormente, os compoñentes prescriptivos do currículo non se vexan afectados.

Por outra banda o propio decreto si establece un procedemento de Matrícula excepcional para alumnado coa capacidade suficiente que lle permita avanzar cara a cursos mais altos, o cal deberase ter en conta nestes casos.

**I - Actividades culturais e promoción das ensinanzas programadas polo departamento.**

A materia está relacionada con gran parte das actividades culturais contidas na Programación Xeral Anual: audicións de aula, concertos trimestrais de centro, concertos exprés, concertos didácticos, etc.

Como mínimo se establece un concerto trimestral do departamento, pudendo ampliarse aos que organice cada un dos membros do mesmo coa participación dos seus alumnos. Poderanse engadir alumnado doutras materias das impartidas polos membros do departamento ou doutros docentes. De igual xeito tamén se plantexa a participación dalgún alumno/a destacado que pida afrontar un concerto ou audición en solitario, así como a colaboración dos alumnos de cursos máis avanzados acompañando aos mais novos nos concertos.

**J - Procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o desenvolvemento e resultados da súa programación didáctica.**

O departamento encargarase de avaliar os resultados ao final de cada período lectivo. Ao finalizar cada trimestre debe valorarse os resultados adquiridos polos alumnos con respecto aos obxectivos establecidos inicialmente. Así mesmo,

revisaranse os obxectivos e contidos programados para o trimestre seguinte. Ao final do curso farase un análise dos resultados xerais do curso académico, recollendo nunha breve memoria o número de aprobados e suspensos, as cualificacións por alumnos e a media da promoción, obxectivos e contidos desenvoltos e a que nivel, así como calquera outra peculiaridade que sexa proposta polo docente ou solicitada polo Xefe do departamento ou pola xefatura de estudos. Estes datos e o seu análise formarán parte da memoria anual do centro.

## K- Procedemento para realizar a avaliación interna do departamento

A avaliación interna do departamento está enmarcada dentro dos procedementos de avaliación do centro. Esta levarase a cabo en cada unha das reunións preceptivas, co intercambio de opinións os compoñentes do mesmo. Ao finalizar cada curso o departamento porá en marcha a elaboración da memoria anual na que deberanse ter en conta os datos aportados por cada materia. En base aos datos obtidos analizaranse posibles procedementos de mellora cara ao curso seguinte de forma conxunta que serán propostos ante a xefatura de estudos.

## 6º CURSO GRAO PROFESIONAL

### A - Obxectivos:

15. Adquirir o control da técnica e desenvolver a sensibilidade auditiva necesaria para o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
16. Utilizar axeitadamente, con un grado de autonomía cada vez maior, os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: afinación, dixitación, articulación, dinámica e fraseo.
17. Continuar coa utilización axeitada da pulsación poñendo especial atención aos mecanismos de relaxación, disociación e brevidade na articulación do movemento dos dedos da man dereita como elemento fundamental na pureza do son.
18. Aplicar os mecanismos da pulsación ao repertorio en xeral, e especialmente ao trémolo.
19. Interpretar polo menos catro obras de diferentes estilos e catro estudos axeitados a os obxectivos e contidos deste curso.
20. Perfeccionar o estudo e a aplicación de recursos tímbricos, percusións, rasgueos e efectos especiais.
21. Continuar no desenvolvemento progresivo das competencias da memoria e a lectura a primeira vista.
22. Fomentar a autonomía do alumno na dixitación e a súa resolución, ademais do fraseo e a comprensión estilística.
23. Consolidar hábitos óptimos e eficaces de estudio que estimulen a concentración, o sentido da autocrítica e a disciplina no traballo.
24. Interpretar un repertorio composto a lo menos por catro obras e catro estudos entre os propostos para este curso.
25. Coñecer a pulsación apoxada en combinación coa pulsación tirando.
26. Avanzar no coñecemento das diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da literatura para guitarra.
27. Valorar a interpretación en público como un feito natural das ensinanzas de música.
28. Actuar en público con seguridade cando menos unha vez ao trimestre.

### B- Contidos:

1. Dixitación de obras polifónicas profundando na óptima condución de las voces.
2. Fraseo, agóxica e dinámica e a súa adecuación a diferentes estilos tendo en conta o equilibrio dos niveis e as distintas calidades do son resultante.
3. Traballo de análises harmónico e formal do repertorio.
4. Grafía contemporánea e efectos.
5. Rasgueado simple e dobre.
6. Recursos tímbricos e a súa aplicación á interpretación contemporánea.
7. Desenvolvemento e perfeccionamento de ligados mixtos.
8. Desenvolvemento do traballo del alumno na dixitación e a súa resolución
9. Práctica de cellas completas e parciais.
10. Práctica e utilización do rasgueado.
11. Combinación da pulsación apoyada e tirando.
12. Extensións
13. Harmónicos oitavados

## C - Criterios de avaliación.

1. Demostrar un axeitado domino corporal e posición relaxada respecto ao instrumento que permita tocar evitando tensións innecesarias.
2. Amosar o desenvolvemento dunha óptima posición da man dereita que permita a independencia de cada un dos dedos, así como co desenvolvemento progresivo da calidade sonora utilizando o mecanismo de pulsación óptimo nas obras do curso.
3. Amosar a regularidade e equilibrio no mecanismo do rasgueo.
4. Ser capaz de argumentar os principios polos que se dixitan e ordenan os dedos da man esquerda e da dereita.
5. Amosar a capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos sobre o novo repertorio.
6. Ser capaz de resolver as dificultades técnicas nos estudos e obras do curso.
7. Amosar o desenvolvemento dunha posición óptima da man esquerda que permita a mobilidade desta sobre o diapasón, así como a realización de ligados e cellas completas e parciais nas obras e estudios do curso.
8. Demostrar a capacidade para a utilización do análise harmónico e formal para fins interpretativos.
9. Demostrar o desenvolvemento da coordinación dos movementos de ámbalas dúas mans para obter unha interpretación limpa y áxil na interpretación das pezas do curso.
10. Ler con rigor e fluidez pezas polifónicas que se encontren dentro do repertorio acorde con este nivel.
11. Ser capaz de interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel na guitarra, con seguridade e control da situación.
12. Lograr memorizar cando menos unha das pezas do repertorio.
13. Ser capaz de interpretar catro estudos e catro obras de unha dificultade similar ás propostas no apartado de recursos.

**Mínimos esixibles:**

1º Trimestre:

- Traballar un mínimo de un estudo e dúas obras no trimestre.
- Interpretar unha peza na audición do departamento.
- Mostrar unha mellora nos puntos 1º, 2º, 3º e 5º dos criterios de avaliación.

2º Trimestre:

- Traballar un mínimo de unha obra e dous estudos no trimestre
- Interpretar unha peza na audición do departamento.
- Mostrar unha mellora nos apartados 1º, 2º 3º, 4º, 5º, 6º, 7º e 8º dos criterios da avaliación.

3º Trimestre:

- Acadar tódolos obxectivos descritos para este curso.
- Traballar un mínimo de dous estudos e dúas obras no trimestre.
- Interpretar dúas pezas na audición do departamento.

**Medidas de recuperación**

Recuperación trimestral: Realizarase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior.

Recuperación final: Realizarase un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso.

**Proba extraordinaria**

O alumno realizará un exame no que deberá mostrar que ten superados os obxectivos e contidos deste curso, no caso de que non se especifiquen outros no informe de recuperación onde se establezan as propostas de actividades de recuperación. Os criterios de avaliación serán os mesmos que os indicados para o curso.

**D – Procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado**

Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado conteñen aspectos comúns ao longo dos diferentes cursos e graos. Así, independentemente do curso, nas primeiras sesións de clase poñeranse en marcha mecanismos de avaliación inicial para coñecer o punto de partida dos alumnos respecto dos contidos que se desenvolverán na materia. Este punto de partida determina en todo momento as accións a seguir.

No que respecta á medida dos resultados na materia primarase a avaliación continua ou formativa fronte á avaliación sumativa. Ao final de cada período trimestral de docencia adxudicarase aos resultados de cada alumno unha cualificación cuantitativa nunha escada de entre 0 e 10. A cualificación do último trimestre corresponderase coa cualificación final que constará no expediente do alumno como nota xeral da materia.

Tendo en conta o perfil eminentemente práctico, os principais instrumentos de avaliación desenvolveranse a través da valoración da práctica, tanto individual e en conxunto; a través das prácticas de aula, ben a partir das audicións acordadas cos alumnos.

Ao longo dos trimestres desenvolveranse diferentes actividades avaliables, entre as que constan en primeiro lugar a avaliación continua que o docente leva a cabo cada día acerca dos diferentes aspectos técnicos e interpretativos sobre

os estudos e diferentes obras interpretadas polo alumno na clase. Un segundo aspecto ten que ver coa avaliación pública que se leva a cabo nos concertos e audicións postos en marcha dentro do propio departamento ou os xerais de trimestre. Nestes se avalían a consecución do desenvolvemento de destrezas de dominio escénico e capacidade de afrontar o traballo dos aspectos interpretativos no ámbito do escenario cara ó público

A autoavaliación será un requisito imprescindible para cada alumno. O exercicio de analizar e valorar o grao de implicación, traballo, e resultados fomenta a acomodación de metas e estratexias de aprendizaxe e fomenta a responsabilidade

**E - Criterios de cualificación que se vaian a aplicar.**

Terase en conta o grao de aprendizaxe e asimilación dos contidos teóricos, así como a capacidade para a súa posta en práctica. A consecución dos obxectivos cun alto grao de desenvolvemento das destrezas, habilidades e coñecementos, suporá obter as máximas cualificacións. Esta gradación axustarase á consecución dos obxectivos establecidos para o curso tendo en conta os diferentes elementos establecidos nos criterios de avaliación

O non acadar os mínimos esixibles definidos nos criterios de avaliación suporá unha cualificación por debaixo do 5.

Na cualificación poñerase en valor o interese e implicación demostrados polo alumno na materia

**F- Enfoque metodolóxico**

O enfoque metodolóxico terá aspectos comúns para todos os cursos, tendo en conta a necesidade de aplicar uns principios de coherencia que veñen determinados nos fundamentos do aprendizaxe constructivista. O desenvolvemento da materia será eminentemente práctico, tendo en conta a significatividade das aprendizaxes e o carácter constructivista que marcarán as dinámicas de aula:

- Aprendizaxes útiles e que guíen a práctica da interpretación.
- O alumno debe construír a súa aprendizaxe.

Nesta liña os alumnos son o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, mentres que o docente debe adoptar un perfil de guía e condutor.

A participación das familias preséntase como un recurso metodolóxico de gran importancia. A súa asistencia á aula na clase de instrumento representa un recurso insubstituíble para a consecución dos obxectivos xa que permite a prolongación da actividade de ensino – aprendizaxe ás sesión de estudo

individual nos fogares durante a semana. Neste mesmo sentido e incluído dentro dos aspectos vinculados á acción titorial, a información sobre a concienciación do traballo constante tanto ás familias como aos alumnos representa un recurso metodolóxico de gran transcendencia para a consecución dos obxectivos plantexados nos estudos musicais.

Así mesmo, tanto nos primeiros cursos como nos mais avanzados o traballo en colaboración alumno – profesor representa outro recurso metodolóxico transcendente xa que supón a posta en práctica do aprendizaxe vicario, especialmente nos aspectos vinculados cos contidos subxectivos do linguaxe da música, interpretación, dicción, expresión, interpretación, agóxica etc. Neste mesmo sentido a participación do alumnado dos cursos máis altos formando dúos cos de cursos iniciais, aporta un recurso de fomento do traballo cooperativo en contraposición co individual e xera elementos motivadores para o alumnado máis novo xa que toma como referencia o exemplo dos máis maiores. Por outra banda, serve para dotar de utilidade os aprendizaxes dos maiores e dotarlles de referencias con respecto ao seu nivel na actualidade e os avances levados a cabo ao longo dos cursos, produto do seu esforzo.

A secuencialización e os recursos desenvolveranse de forma flexible e atendendo á avaliación inicial, ás necesidades, peculiaridades e progresos dos alumnos, o cal afectará ao proceso de avaliación continua ou formativa.

Por último o traballo en coordinación con outros departamentos aporta a posibilidade de establecer criterios comúns no traballo conxunto, o que permitirá un mais acelerado proceso na consecucións dos obxectivos

**G- Recursos:**

**Estudos**:

- N. COSTE: “25 Estudios para Guitarra” Op.38, del 22 al 25.
- F. SOR: “30 Estudios”, del 25 al 30 (Ed. U.M.E.)
- DODGSON-QUINE: “Estudios” del 5 al 10.
- L. BROUWER: “Estudios Simples” del 18 al 20.
- J. F. GUEDINI: “Estudio de concierto”.
- BARRIOS: “Las Abejas”.
- H. VILLA-LOBOS: “12 Estudios” 1, 4, 5, 6, 8 y 9.
- F. TÁRREGA: “Estudio Scherzo”. (Ed. Zen-On Music).
- AGUADO: “Método de Guitarra”, 3ª parte Nº 9, 10, 11 y 16. (Ed. U.M.E.).

**Obras**:

<u>Renacemento - Barroco:</u>

- J.DOWLAND: “Fantasía VII” (Ed. Schott) “Master Piper´s Galliard”.
- LUIS DE NARVAEZ: “22 diferencias de Conde Carlos”.

- BATCHELAR: “Monseier´s Almaine” (Oxford University Pres).
- J.S.BACH: Fuga de la “Suite Nº 2 para Laúd”, Fuga del “Preludio Fuga y Alegro”, “Fuga en La menor para Laúd”.
- M. M. Ponce: “Fuga de las Variaciones sobre las Folias de España”.

Clásico-Romántico:

- FERNANDO SOR: “Variaciones Op.9, Op.28 Etc.”, “Minueto y Rondó Op. 22 (Ed. Tecla Editions”
- MAURO GIULIANI: “Variaciones sobre un tema de Haendel Op. 107 ”, (Ed. Tecla Editions).

Contemporáneo:

- H.VILLA-LOBOS: “Preludios Nº. 1, 2 y 5”.
- J. RODRIGO: “En los Trigales”.
- LEO BROUWER: “Elogio de la Danza”, “Canticum”.
- RICHARD R. BENNET: “Impromptus”.
- J. TURINA: “Fandanguillo”, “Homenaje a Tárrega”, “Fantasía Sevillana”. (Ed. Schott).
- F. M. TORROBA: “Nocturnos, Modroños”, “Aires de La Mancha”.
- J. W. DUARTE: “Suite Inglesa” .
- M. CASTELNUOVO-TEDESCO: “Tonadilla”.
- TASMAN: “Cavatina”.
- R. R. ALBERT: “Introducción, Recitado Marcha”.
- R. S. BRINSE: “Polifemo de Oro”.
- RUIZ PIPÓ: “Canción y danza Nº 1” (Ed. Ediciones Musicales).
- BARRIOS: “Valses Op. 8”, Nº 3 y 4, “Chôro da saudade” (Ed. Zen- On Music).
- PIAZZOLA: “Verano Porteño”. (Ed. Chanterelle).
- R. DYENS: “Tango en Sky” (Ed. Henry Lemoine).
- E. SAINZ DE LA MAZA: “Rondeña” (U.M.E.).
- A. LAURO: “Variaciones sobre una canción infantil” (Broekmans & Poppel).

-Material auditivo: Discos compactos con gravacións de referencia.

**H - Procedementos de acceso ao currículo, se é o caso, para o alumnado con necesidades específicas.**

Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas non pode afectar aos compoñentes prescriptivos do currículo, polo que as medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes nestes casos serán medidas de reforzo e apoio educativo.

Neste mesmo sentido os alumnos de nova incorporación estarán suxeitos ao paso das correspondentes probas que establecen uns criterios mínimos de capacidade e aptitude para acceder aos estudos musicais.

Non deberemos perder de vista o establecido no decreto en referencia a que a finalidade do Grao Profesional deberá ser a de proporcionarlle ao alumnado una formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Polo tanto a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas está suxeita ás limitacións impostas por estas finalidades.

As medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes virán determinadas cas circunstancias específicas de cada caso, e serán as vinculadas coa adaptación da temporalización e secuenciación dos contidos, a orientación didáctica cara a cumprimentar as posibles dificultades da aprendizaxe, a adaptación dos recursos, sexan materiais, de mobiliario, bibliográficos, reorganización dos tempos lectivos e da sesión de clase, asignación de clases de apoio, cando a dispoñibilidade de profesorado o permita, o apoio das familias establecendo dinámicas máis estreitas de comunicación e cooperación, ou outras medidas reforzo e apoio educativo, sen que como xa se mencionou anteriormente, os compoñentes prescriptivos do currículo non se vexan afectados.

Por outra banda o propio decreto si establece un procedemento de Matrícula excepcional para alumnado coa capacidade suficiente que lle permita avanzar cara a cursos mais altos, o cal deberase ter en conta nestes casos.

**I - Actividades culturais e promoción das ensinanzas programadas polo departamento.**

A materia está relacionada con gran parte das actividades culturais contidas na Programación Xeral Anual: audicións de aula, concertos trimestrais de centro, concertos exprés, concertos didácticos, etc.

Como mínimo se establece un concerto trimestral do departamento, pudendo ampliarse aos que organice cada un dos membros do mesmo coa participación dos seus alumnos. Poderanse engadir alumnado doutras materias das impartidas polos membros do departamento ou doutros docentes. De igual xeito tamén se plantexa a participación dalgún alumno/a destacado que pida afrontar un concerto ou audición en solitario, así como a colaboración dos alumnos de cursos máis avanzados acompañando aos mais novos nos concertos.

**J - Procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o desenvolvemento e resultados da súa programación didáctica.**

O departamento encargarase de avaliar os resultados ao final de cada período lectivo. Ao finalizar cada trimestre debe valorarse os resultados adquiridos polos alumnos con respecto aos obxectivos establecidos inicialmente. Así mesmo,

revisaranse os obxectivos e contidos programados para o trimestre seguinte. Ao final do curso farase un análise dos resultados xerais do curso académico, recollendo nunha breve memoria o número de aprobados e suspensos, as cualificacións por alumnos e a media da promoción, obxectivos e contidos desenvoltos e a que nivel, así como calquera outra peculiaridade que sexa proposta polo docente ou solicitada polo Xefe do departamento ou pola xefatura de estudos. Estes datos e o seu análise formarán parte da memoria anual do centro.

## K- Procedemento para realizar a avaliación interna do departamento

A avaliación interna do departamento está enmarcada dentro dos procedementos de avaliación do centro. Esta levarase a cabo en cada unha das reunións preceptivas, co intercambio de opinións os compoñentes do mesmo. Ao finalizar cada curso o departamento porá en marcha a elaboración da memoria anual na que deberanse ter en conta os datos aportados por cada materia. En base aos datos obtidos analizaranse posibles procedementos de mellora cara ao curso seguinte de forma conxunta que serán propostos ante a xefatura de estudos.

## REGULACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO AO GRAO ELEMENTAL

Segundo determina o Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, no seu artigo 8º (acceso a outros cursos distintos ao 1º):

1. Poderase acceder a calquera outro curso do grao elemental sen ter superados os anteriores, sempre que se supere a correspondente proba. En calquera caso, o acceso a outro curso do grao elemental estará supeditado á existencia de prazas vacantes na especialidade solicitada.
2. Estas probas avaliarán, ademais das aptitudes e da idade idónea, a capacidade e os coñecementos dos alumnos e das alumnas para continuar os estudos nas especialidades instrumentais para as que se solicite a praza.
3. En todo caso, para o acceso aos cursos do grao elemental a idade mínima de acceso será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.

Así mesmo no artigo 9º establece:

1. As puntuacións definitivas obtidas polo alumnado nas probas de acceso a calquera dos cursos do grao elemental axustaranse á cualificación numérica de 1 a 10, ata un máximo dun decimal. Cumprirá obter, como mínimo, a cualificación de cinco puntos para superar a proba.
2. A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para matricularse no curso académico en que fose convocada
3. As puntuacións definitivas obtidas na proba de acceso serán as que determinen a matriculación do alumnado.

Ademais, a Circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, no seu punto III, Acceso a outros cursos do Grao Elemental, determina que en todas as especialidades as probas constarán de dous exercicios, que terán carácter eliminatorio e que consistirán en:

a) Interpretación, no instrumento da especialidade a que se opte, de dúas obras de libre elección e una obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal.

b) Exercicio teórico – práctico para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical

No desenvolvemento das probas, o exercicio de interpretación instrumental farase en primeiro lugar. Cada un dos exercicios puntuarase de 1 a 10 puntos. Necesitarase un mínimo de 5 puntos en cada un deles para considerar a cualificación como positiva. Unha vez superados os dous exercicios, procederase ao cálculo da media ponderada, que se axustará ás seguintes porcentaxes:

A) Interpretación instrumental: 60%

B) Exercicio auditivo, vocal e de linguaxe musical: 40%

A puntuación final media, así calculada, será como mínimo de 5 puntos para poder superar a proba.

Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais, non aceptándose fotocopias das mesmas para o exame.

Dende o Departamento de Corda pulsada do Conservatorio profesional de música de Culleredo se solicita aos aspirantes fagan chegar fotocopias das partituras orixinais comentadas no parágrafo anterior para cada un dos compoñentes do tribunal.

Finalmente, segundo establece a Circular 15/2011 da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa, pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, no seu punto 5.4 establece que:

No caso de acceso a outros cursos que non sexan o de 1º de grao elemental ou de grao profesional, os tribunais das probas correspondentes unha vez examinado o candidato ou candidata, poderán determinar a pertinencia da matrícula nun curso distinto, atendendo á suficiencia académica demostrada na proba. A dirección do centro, vista a proposta do tribunal, poderá modificar o curso ao que se oferta apraza, atendendo ademais a outras consideracións como a dispoñibilidade de recursos, equilibrio da oferta do centro, etc.

O Departamento de Corda pulsada do Conservatorio profesional de música de Culleredo, recomenda tomar como referencia a programación didáctica do curso **inmediatamente anterior** ao que se opta, para determinar o nivel dos obxectivos que se van a esixir en dita proba, os contidos que permiten acadar eses obxectivos, e os criterios de avaliación que se van a poñer en práctica para determinar as aptitudes, capacidades e coñecementos do aspirante. Así mesmo tamén se recomenda tomar como referencia os recursos bibliográficos para cada curso concreto amosados en dita programación.

## REGULACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO AO GRAO PROFESIONAL

Segundo determina o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música no seu artigo 11:

1. Para acceder ao primeiro curso do ensinanzas profesionais de música cumprirá superar unha proba específica de acceso. Mediante esta proba valorarase a madureza, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais, de acordo cos obxectivos establecidos neste decreto
2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará o procedemento de acceso ao primeiro curso, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes.
3. Para todas as especialidades, agás para a de canto, a devandita proba consistirá en:

a) Interpretación, no instrumento da especialidade a que opte, de tres obras pertencentes a distintos estilos, das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

b) Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

5. A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.

6. A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fose convocada.

Artigo 12º.-Acceso a outros cursos.

1. Poderase acceder a calquera outro curso das ensinanzas profesionais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá regular o procedemento de acceso a calquera outro curso, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes.

3. Esta proba constará de dous exercicios:

a) Interpretación, no instrumento ou coa voz, de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
b) Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores a que se opte. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

4. A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.
5. A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fose convocada.

Artigo 13º.-Admisión de alumnado.

A admisión de alumnado estará sometida aos principios de igualdade, mérito e capacidade, e supeditada ás cualificacións obtidas nas probas de acceso a que se refiren os artigos 11º e 12º deste decreto.

Ademais, a Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, establece que:

Artigo 1º
Os conservatorios e os centros autorizados de música da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan as ensinanzas do grao profesional establecidas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, desenvolverán as probas de acceso a este grao de acordo co disposto nos artigos 11 e 12 do devandito decreto e ademais co establecido nesta orde.

Artigo 2º
A proba de acceso realizarase nunha única convocatoria anual, que terá lugar no mes de xuño para o acceso ao primeiro curso.

Artigo 8º
As probas de acceso serán xulgadas por un tribunal constituído para tal efecto por profesores do centro designados pola dirección. Estas probas estrutúranse en dúas partes, a primeira de carácter práctico que avalía a interpretación instrumental, e a segunda que avalía os coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical.

Artigo 9º
Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal. No caso de que

a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou para música de cámara, este correrá a cargo do aspirante á praza.

Dende o Departamento de Corda pulsada do Conservatorio profesional de música de Culleredo se solicita aos aspirantes fagan chegar fotocopias das partituras orixinais comentadas no parágrafo anterior para cada un dos compoñentes do tribunal.

Artigo 10º
Os aspirantes serán convocados para a proba nun único chamamento, e excluirase dela quen non compareza. Non obstante, poderanse considerar os casos de forza maior, debidamente xustificados e apreciados polo tribunal, para os efectos dun posterior chamamento. A non asistencia á proba suporá a perda da correspondente convocatoria.

Artigo 11º
Se o número de solicitantes é superior ao de prazas ofertadas, a adxudicación destas realizarase por orde de puntuación na proba de acceso e, de ser igual a cualificación, desempatarase pola puntuación obtida na primeira parte desta proba. Os centros poderán establecer unha lista de suplentes por orde de puntuación acadada co obxecto de cubrir posibles baixas.

Finalmente, segundo establece a Circular 15/2011 da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa, pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, no seu punto 5.4 establece que:

No caso de acceso a outros cursos que non sexan o de 1º de grao elemental ou de grao profesional, os tribunais das probas correspondentes unha vez examinado o candidato ou candidata, poderán determinar a pertinencia da matrícula nun curso distinto, atendendo á suficiencia académica demostrada na proba. A dirección do centro, vista a proposta do tribunal, poderá modificar o curso ao que se oferta apraza, atendendo ademais a outras consideracións como a dispoñibilidade de recursos, equilibrio da oferta do centro, etc.

O Departamento de guitarra do Conservatorio profesional de música de Culleredo, recomenda tomar como referencia a programación didáctica do curso **inmediatamente anterior** ao que se opta, para determinar o nivel dos obxectivos que se van a esixir en dita proba, os contidos que permiten acadar eses obxectivos, e os criterios de avaliación que se van a poñer en práctica para determinar as aptitudes, capacidades e coñecementos do aspirante. Así mesmo tamén se recomenda tomar como referencia os recursos bibliográficos para cada curso concreto amosados en dita programación.

## AVALIACIÓN ESPECIAL PARA O ALUMNADO NON PRESENCIAL

De forma excepcional, para aquel alumnado que curse outros estudos de forma simultánea cos do Conservatorio e que de xeito xustificado non poidan asistir en persoa, poderase habilitar un procedemento de seguimento e avaliación especial. Para elo poderase empregar os medios oportunos para cada caso, tendo en conta os recursos dispoñibles, como comunicacións telemáticas e materiais en formato dixital. A avaliación axustarase ao disposto nesta Programación para cada curso, no apartado de **Criterios de avaliación - Proba extraordinaria**.

## MATRICULA DE HONRA E PREMIO FIN DE GRAO

Para a obtención do Premio fin de grao e a Matrícula de honra, atenderase ao disposto na Orde do 10 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento para a obtención de Matrícula de honra e Premio de fin de grao nas ensinanzas profesionais de música e danza.

Departamento de corda pulsada curso 2024- 2025